

A luz escarlata

Codificar un polixénero



ARMANDO REQUEIXO

Chus Pato é unha das autoras máis corixinais do panorama literario galego dos últimos anos. Innovadora nas formas, alternativa no tratamento dos temas é, tamén si, unha creadora sensible á problemática social do seu país e doutras latitudes, compromiso este que deixa unha visible pegada na súa escrita sen por iso pechala con abafos planfletarios innecesarios, tan afastados, por outra banda, da súa intención estética.

Cunha longa traxectoria que conta xa con títulos como *Urania* (1991),

muros dos xéneros canónicos e camiña campo aberto alén dos pradelos poéticos.

Porque o que Pato escribe, insisto, non é poesía. Xustamente por iso comprendo a aqueles que, xulgada a súa obra dende esa perspectiva restricta, din non gustar dos seus textos. O que a de Ourense codifica é un polixénero que ben poderíamos denominar provisoriamente como transpoesía ou, se se quer, pospoesía e que, partindo esencialmente da cerna definitoria do vello xénero canto a certos estilemas, tropos e xogos sintagmáticos, instálase nun arquixénero

ción estratificada, onde as capas civilizacionais fusionan de tal maneira que acaban creando un único corpo amalgamado no que conviven Arsubanipal con Jekyll, nun túnel espazo-temporal que xemeliza identidades, procura reencarnacións e tenta ler na vertiginosa espiral iterativa da (Pre)historia.

Contribúe a esta laminaxe a polifonía existente ao longo da obra, que desdobra o voz comunicante en seres anonimizados, que logo poden concretarse nun enigmático Hrg coma bascular cara un rotundo Eu vagamente biográfico.

VTOZ PÁNICA,
SIGNIFICANTE
RADICAL OU CORPO
DA APOCALIPSE
TRANSITAN AO
LONGO DAS PÁXINAS

Hordas de escritura é unha “alucinación catastrófica”, un texto autobiográfico “na medida en que as palabras que o compoñen son biografía”, unha ardora de “poéticas naturalizantes”, de “ralentí opiáceo, xeométricas”. A fórmula é inequívoca: “máis que entrar o mundo dentro do poema, botar para fóra a escritura, como unha lava lene e transparente, museлина”.

Voz pánica, luz escarlata, delirio cósmico, significante radical ou corpo de apocalipse, a escrita da autora proclama que “poeta é o non poeta”, o que non se autoproclama, pois “verdadeiramente poeta é a aquela / aquel cuxa musa foi integramente destruída”, arribando así aos portos transliterarios da pospoesía, onde o grial que explica o Universo cristaliza fulgurante, “dunha beira unha imposibilidade de escritura, doutra unha potencia de escritura... no medio Eu: Eu é unha greta. O poema inventa o que non concorda, só é leal á súa propia independencia e fermosura”. A que a literatura de Chus Pato ten.

PATO, Chus, *Hordas de escritura*, Ed. Xerais, Vigo, 2008, 90 páxinas.



Heloísa (1994), *Fascinio* (1995) *Ní-nive* (1996), *A ponte das poldras* (1996), *m-Tálá* (2000) ou *Charenton* (2004), a escritora ourensá vén sendo considerada unanimemente unha poeta rupturista na que conflúen as máis actuais propostas deste xénero. Pero a obra de Chus Pato é moito máis. Pretender clasificala, taxonomizala nesas cuadrículas ou continúnculos convencionalizados que por veces empregamos os críticos é caer na simplificación dun proceso creativo tan complexo coma ambicioso que, a meu ver, hai tempo que ten derrubado os arbitrarios

que participa por igual tamén do relato crónica, o ensaio con notas a pé de páxina e aínda o diálogo parateatral.

O que afirmo é de doada comprobación a través da lectura do excelente *Hordas de escritura*, enxurrada infinita de talento que se verte en composicións que entremesturan o enunciativo co oracular, o mítémico co simbólico, o versicular co microversal. Porque esta é unha textualiza-